

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 31 DE MAIO DE 2022

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 13:22 horas do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistencias:

ASISTENTES:

Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).
José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).
Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)
María Jesús García Souto (PP).
Ángel López Fidalgo (PP).

Non asiste:

Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE)

Secretaria:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29.03.2022 E DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 12.05.2022.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola Presidencia preguntáse aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción das actas da sesión ordinaria celebrada o día 7 de febreiro de 2022 e sesión extraordinaria do 17 de marzo de 2022.

Intervén Ángel López Fidalgo e sinala que na acta do pleno extraordinario de 12.05.2022 non se recolleu o sentido do seu voto, que dixo que a contratación é a de sempre e que preguntou polo importe das facturas.

A secretaria responde que non ten recollido iso no borrador da acta e que non lembra esa intervención.

Acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte:

Votos a favor (5):): Luis Lisardo Santos Ares, José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) , Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE)

Votos en contra (2) :M^a Jesús García Souto(PP) e Ángel López Fidalgo (PP)

Abstencións:(0):

Polo que quedan aprobadas os borradores das actas da sesión ordinaria que tivo lugar o 29 de marzo de 2022 e a e sesión extraordinaria do 12 de maio de 2022.

2.-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA. PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS E PISTAS DE SOBRADO”.

Dase lectura á proposta de alcaldía de data 26.05.2022 que transcrita literalmente di:

“EXPEDIENTE NÚM.: 2022/A007/000008

PROCEDEMENTO: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRA”MELLORA DA CAPA DE RODADURA NOS CAMIÑOS E PISTAS DE SOBRADO”

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Obxecto: Con data de maio de 2022 redáctase o proxecto técnico polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Pablo Couto López “MELLORA DA CAPA DE RODADURA NOS CAMIÑOS E PISTAS DE SOBRADO”, a efectos de definir as características técnicas e a valoración das obras sinaladas.

Obxectivo:

Neste caso trátase da mellora da capa de rodadura ao longo de 5,3 km, nun total de 8 pistas municipais distintas as cales presentan un mal estado da superficie destinada á circulación de vehículos. Con estas actuacións mellorase a seguridade da vía, mellorando a adherencia da superficie das vías , así como o confort dos veciños ao non sufrir as irregularidades, deformacións e fochancas existentes na dos devanditos tramos.

Considérase o carácter urxente das obras en atención a cumprir o obxectivo de mellorar a seguridade nas pistas e camiños incluídos no proxecto.

O Concello de Sobrado conta cunha extensión total de 120,29 km², vertebrados na maioría dos casos por rúas, estradas, pistas e camiños de titularidade municipal, así segundo a enquisa sobre infraestruturas e equipamentos locais da Deputación da Coruña , o concello sobradés conta con 242,62 km de estradas e 99,98 km de rúas, o que supón un gran esforzo en labores de conservación para o municipio, non contando, ademais, con axudas suficientes para este fin desde os diferentes organismos supramunicipais, de aí a necesidade de solicitar axudas directas para este fin.

Esto denota a urxencia da actuación, non podendo o Concello esperar para incluír o investimento no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial da Coruña do ano 2023 considerando así necesario a solicitude da concesión da correspondente subvención nominativa a través da sinatura de convenio de colaboración.

Inversión financeiramente sostible: Informe de secretaría-intervención

Financiamento: O orzamento do proxecto de execución por contrata da obra "MELLORA DA CAPA DE RODADURA NOS CAMIÑOS E PISTAS DE SOBRADO" ascenda a contía de 239.994,12 € (ive 41.651,87 €).

Solicitude: Solicítase a Deputación Provincial da Coruña unha subvención nominativa por importe do 80%(e 191.995,30 €), asumindo o concello do Sobrado o compromiso de financiar o 20% importe restante(47.998,82 €), achegando informe de secretaría-intervención sobre a capacidade económica do Concello de Sobrado para facer fronte á financiación

Polo exposto,propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico elaboraoo polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Pablo Couto López de "MELLORA DA CAPA DE RODADURA NOS CAMIÑOS E PISTAS DE SOBRADO" con data maiol de 2022.

Segundo: Solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha subvención nominativa para a execución da obra "MELLORA DA CAPA DE RODADURA NOS CAMIÑOS E PISTAS DE SOBRADO, por importe do 80% (191.995,30) asumindo o concello do Sobrado o compromiso de financiar o 20% importe restante (47.998,82 €), achegando informe de secretaría-intervención sobre a capacidade económica do Concello de Sobrado para facer fronte á financiación

Terceiro.- Asumir o compromiso de financiar o 20% (47.998,82 €), facendo a oportuna modificación do orzamento en vigor do 2022.

Cuarto.- Que con data 4.10.2021 o Concello de Sobrado remitiu as contas correspondentes ao exercicio 2021ao Consello de Contas dfe Galicia.

Quinto.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e tramitou a autorización sectorial ante a. Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia., a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e presentou a declaración responsable de actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía de Augas de Galicia

Sexto.- Declarar que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións e que cumpre coas condicións para obter a condición de beneficiario da axuda.

Sétimo.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a mesma finalidade.

Oitavo.- Que será a Alcaldía Presidencia quen realice as oportunas xestións e asine cantos documentos se relacionen co presente asunto."

Noveno.- Certificar o presente acordo e remitir dita certificación á Deputación Provincial de A Coruña"

Inicia o turno de intervencións o sr. alcalde que explica que camiños van incluídos no proxecto: Sixto a Cruce de Cabanas, Cabanas, Vialdemonte a Muradelo, Abeleiras, Eirexanova, Vilasuso-Grixalba, Castro do Seixo-Cruce Torrente. Engande que se solicita á Deputación Provincial o financiamento do 80% da obra e que hai que enviar toda a documentación á Deputación e terá que aprobalo o Pleno da mesma.

Non se producen máis intervencións e procédese a votación, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares, José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE), Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), M^a Jesús García Souto e Ángel López Fidalgo (PP)

Abstencións:(0):

Votos en contra (0)

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

3. RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DE ALCADÍA Nº 206/2022 DE MODIFICACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO “MELLORA DA CAPA DE RODADURA DO CAMIÑO DE AS GÁNDARAS (A CIADELLA) INCLUÍDA NO POS+2022.

Dase conta, para a súa ratificación polo Pleno, do decreto nº 206/2022 de 18.05.2022 sobre a modificación do proxecto técnico da obra “Mellora da capa de rodadura do camiño de As Gándaras (A Ciadella), inculda no POS+2022, que transcrito literalmente di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO Nº1 “MELLORA DA CAPA DE RODADURA DO CAMIÑO DE AS GANDARAS (A CIADELLA)” (POS+ 2022) - EXPEDIENTE: 2022000007786

EXPEDIENTE: 2022/G003/00232

Vista a resolución do Servizo de Vías e Obras da Deputación da Coruña de autorización de obra para MELLORA DA CAPA DE RODADURA DO CAMIÑO DE AS GANDARAS a CONCELLO DE SOBRADO DOS MONXES, na DP3205 - PRESARAS A CARREGOSA P.K. 9+800 MARXE DEREITA, de data 5.05.2022, debendose executar as obras, instalacións ou actividades conforme as condicións técnicas e prevencións mencionadas na resolución.

Visto que no proxecto modificado nº1, redactado por Pablo Couto López, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - Colexiado nº 15.384, recolle os condicionantes expostos na resolución anteriormente citada e que non afectan á natureza e finalidade do investimento a realizar nin á súa valoración económica.

No uso das atribucións que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto modificado nº1 das obras de MELLORA DA CAPA DE RODADURA DO CAMIÑO DE AS GANDARAS (A CIADELLA)”.

SEGUNDO.- Remitir o proxecto modificado á Deputación Provincial a través da Plataforma Subtel.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da presente resolución para a súa ratificación. “

Inicia o turno de intervencións o sr. alcalde que explica que se tivo que modificar o proxecto debido a que a autorización de estradas da Deputación , esixía unha sinal de STOP etc...

Non se producen máis intervencións e procédese a votación , en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7):): Luis Lisardo Santos Ares, José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) , Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE), Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE),. M^a Jesús García Souto e Ángel López Fidalgo (PP)

Abstencións:(0):

Votos en contra (0)

Polo que queda ratificado do decreto de alcaldía nº206/2022 de 18.05.2022.

4. RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIA PLATEXADA POLA INTERVENCIÓN (EXPEDIENTE 2022/X998/000043).

Dase lectura á proposta de alcaldía de data 26.05.2022 que transcrita literalmente di:

“EXPEDIENTE: 2021/X998/000043

PROPOSTA ALCALDÍA

Asunto: Resolución de discrepancia:reparo formulado por Intervención

Visto que con data 26.05.2022, formulouse reparo suspensivo por Intervención deste Concello sobre:

Contratista	Nº fra.	Ap. Pptaria.	Concepto	Importe
Construcciones	FE22	1532.619	18.05.2022- Aumento	7.631,99

González y González, S.L.	16	00	realizados na obra "Renovación de beirarrúas e servizos en As Cruces - Sobrado, p.k 13+460 a 13+730	€
------------------------------	----	----	---	---

A intervención emite nota de reparo suspensivo ao recoñecemento da obriga da factura polos seguintes motivos:

-omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.: non consta no expediente certificación da directora de obra na que se contemplan o exceso de medicións na obra executada.

-Insuficiencia de crédito presupostario no orzamento de 2022 na partida 1532.61900.

Segundo o artigo 217.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

- a) Baséense en insuficiencia ou inadecuación de crédito.
- b) Refíranse a obrigacións ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia. Se o reparo afecta á disposición de gastos, recoñecemento de obrigacións ou ordenación de pagos, suspenderase a tramitación do expediente ata que aquel sexa liquidado nos seguintes casos:

- a) Cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa adecuado.
- b) Cando non fosen fiscalizados os actos que deron orixe ás ordes de pago.
- c) Nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

No prazo de quince días desde a recepción do reparo, as discrepancias formularanse ao presidente ou ao Pleno da corporación local, segundo corresponda e, de ser o caso, a través dos presidentes ou máximos responsables dos organismos autónomos locais, e organismos públicos en que se realice a función interventora, para a súa inclusión obrigatoria, e nun punto independente, na orde do día da correspondente sesión plenaria.

A discrepancia deberá ser motivada por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Unha vez resolta a discrepancia, poderase continuar coa tramitación do expediente, e deixárase constancia, en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, de ser o caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control.

A resolución da discrepancia por parte do presidente ou do Pleno será indelegable, deberase ditar no prazo de quince días e terá natureza executiva.

O presidente da entidade local e o Pleno, a través do citado presidente, previamente á resolución das discrepancias, poderán elevar resolución das discrepancias ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira

Esta alcaldía entende que debe aprobarse o pagamento da factura por tratarse de obras necesarias, que efectivamente se prestaron, que constan coa miña conformidade e que o non pagamento das mesma entraría en colisión coa teoría do Enriquecemento Inxusto amplamente recoñecido pola nosa doutrina.

Vista a documentación que acompaña e de acordo co establecido no artigo 217.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no concernente ao órgano que ha de resolver as discrepancias, esta alcaldía propón ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Resolver a discrepancia plantexada pola Intervención e que se continue co procedemento habilitando mediante a oportuna modificación orzamentaria no orzamento do exercicio 2022 o crédito necesario para proceder ao recoñecemento da obriga “.

Inicia o turno de intervencións o sr. alcalde que explica que hai unha factura da obra de As Cruces polo importe de 7.631,99 € debido a que cando se executou a obra faltaban algúns pozos , arquetas e poñer tuberías que se pensaba cando se fixo o proxecto que estaban en bo estado e como é unha inversión do capítulo 6 do orzamento, no que sempre se consigna o importe exacto da obra , non se contaba con crédito no momento de realización deste gasto.

Intervén a sra. García Souto e afirma que se fai un proxecto e hai desviacións significa que o proxecto tiña unhas deficiencias importantes que non deberían darse e pregunta se esta factura non terá que ver coa pista de aterrizaxe que se fixo.

Resposta o sr. alcalde que iso é aparte

Intervén de novo a sra. García Souto que lembra nun proxecto dunha pista en Folgoso que pasou o mesmo e que neste Concello pasa con frecuencia e que non debería ser unha forma de traballar sistemática.

O sr. alcalde afirma que cando se fai un proxecto ás veces cando se executa e se poñen a picar se encontran con cousas que están mal e que non eran visibles cando se redactou o proxecto e que esos gastos debería asumilos o contratista.

Non se producen máis intervencións e procédese a votación , en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (5):): Luis Lisardo Santos Ares, José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) , Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) e Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE)

Votos en contra (2) :M^a Jesús García Souto(PP) e Ángel López Fidalgo (PP)

Abstencións:(0):

CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN

5-MOCIÓNS DE URXENCIA.

Non houbo.

6.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA 120/2022 A 217/2022.

Dase conta dos decretos de alcaldía de nº 120/2022 a 217/2022.

O pleno queda enterado.

Intervén a sra. García Souto e afirma con respecto ao punto da orde do día 4 que no informe de intervención se afirma que non consta que no certificado da directora de obra se recollera o exceso de medicións.

Sinala o sr. alcalde que ese punto xa se tratou e que este non é o momento.

7.-DAR CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO 1º TRIMESTRE DO 2022.

Non se deu conta

8. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS

Intervén a sra. García Souto e sinala que quere efectuar un rogo: que conste en acta que no reparo da intervención sinala que non consta no expediente o certificado do exceso de medicións.

Advirte o sr. alcalde que iso non é un rogo.

A sra. García Souto efectúa o rogo de que se poñan en uso as escolas, de As Cruces e que se rehabilite o local social de Nogueira, do que existía xa un proxecto polo que se pagou e que cando son cartos dos veciños son para dar servizos aos veciños.

Engande que é unha pena que a de As Cruces non se esté utilizando xa que está viñendo a Sobrado moita xente que a pode necesitar e reitera que se rehabilite o local social de Nogueira.

PREGUNTAS

Preguntas formuladas pola sra. García Souto:

1. Lles chama a atención o rechazo da factura do autocar pola viaxe a FITUR.

Resposta o sr. alcalde que se rechazou porque non tiña que vir a nome do Concello.

A sra. García Souto afirma que lle parece raro que se pague ao alcalde a comisión de servizo e que se pague tamén á empresa, e quere saber como se fixo a viaxe.

O sr. alcalde non responde e di que llo dará por escrito.

A sra. García Souto afirma que non lle vale porque nunca contesta por escrito, quere que lle responda agora no pleno, que respostas por escrito non e si ese é o respecto que ten polos membros da corporación e os veciños.

2. Respecto dos reparos formulados por intervención polo pago de facturas a Ártraba Comunicación etc... afirma que segue habendo moitos contratos de servizos que non se fan correctamente dacordo coa Lei de Contratos do Sector Público.

Responde o sr. alcalde que hai veces que se rompe a tubería pola noite, se vai a buscar o material e despois se repara, non da tempo a facer expediente e logo entra a factura e a secretaria-interventora repara.

Intervén de novo a sra. García Souto e di que nese informe de intervención consta reparo ás facturas emitidas por Ártraba Comunicación polo concepto de xestión das

redes sociais que supón un coste de 605 € ao mes e lle pregunta ao alcalde se iso tamén o decide él, e que é un contrato que leva xa 3 anos e non se sacou a licitación.

Resposta o sr. alcalde que o contrato con Ártabra Comunicación é para darlle visibilidade ao Concello de Sobrado non a él.

Afirma a sra. García Souto que nas redes sociais saeu a noticia de que o Concello impulsa o seu patrimonio coa redacción dun proxecto para o Mosteiro, proxecto que impulsa a Xunta e non o Concello e di se iso é axustarse á realidade e pregunta que aporta o Concello a esa obra.

Resposta o sr. alcalde que os servizos que fagan falta como as autorizacións.

A sra. García Souto afirma que iso é unha obriga do Concello así como dar a licenza pertinente.

O sr. alcalde di que en ningún momento a Xunta lle reclamou por esa noticia.

A sra. García Souto lle di ao alcalde que se centre, que non elucubre con cousas raras, sinala que hai un informe de intervención reparando o pago de diversas facturas por un importe total de 40.000,00 € por non tramitarse correctamente e quere que conste en acta e que ela lle está preguntado por iso e non por unha factura de collarín que so aproximadamente 300 € de esos 40.000,00 €.

O sr. alcalde se di que siga desglosando as facturas se quere.

Resposta a sra. García Souto que xa están desglosadas no informe de intervención e que lle aclara que se aprobou con reparo de intervención unha factura de 605 € á empresa Ártabra Comunicación que leva 3 anos prestando o servizo e que non se contratou correctamente e que esa empresa é a que redacta as noticias.

Por outra banda, afirma que é o Concello o que ten que dar as licenzas para as obras sempre que se axusten á legalidade e que iso non é unha facultade do alcalde.

3. Hai outro reparo de intervención polo pago de facturas polo importe de 55.282,31 €, no que constan diversas facturas, por exemplo a factura de Construcións Rocha Corral en concepto de bacheo polo importe de 9.746 € e engade que non estamos ante unha factura por un collarín, senón que se trata dunha obra que tiña que estar prevista, sobre todo cando se acaba de aprobar recentemente o presuposto do 2022 e as partidas deberían axustarse ás necesidades. É unha vergoña como se está xestionando.

Hai outra factura de limpeza de pistas por importe de 20.000,00 €, cando lembra que ao último pleno que asistiu lle preguntou porque o tractorista estaba pintando unha farola e que o alcalde lle constestou que debido a que o tractor estaba no taller.

Resposta o sr. alcalde que se fixo o traballo e ten que cobrar.

A sra. García Souto afirma que si, claro pola teoría do enriquecemento inxusto e que ten que contratar correctamente e prever as actuacións necesarias.

A sra. García Souto sinala que hai outra factura por importe de 18.000,00 € de afirmado en Codesoso e aclara que hai dous reparos distintos, un por facturas por valor de 40.000 € e outro por 55.000 € e lle di ao alcalde que ten que xestionar correctamente, que non son os seus cartos nin a súa casa, que é o Concello de Sobrado e que os impostos que subiron aos veciños van para cubrir esos gastos.

O alcalde lle pregunta qué impostos subiron.

A sra. García Souto di que na relación de facturas tamén está unha de 200 € de zavorra , así todo a lo loco.

O sr. alcalde pregunta si eso tamén esta reparado ao que a sra. García Souto lle responde que si.

4. A sra García Souto pregunta se se organizou algún evento porque viu que hai unha factura en concepto de alumeadado público das festas de Grixalba.

Resposta o sr. alcalde que esa factura se rechazou.

5.A sra . García Souto sinala que a selección dun interino para técnico de turismo será para o de sempre e que claro “ten que pagar os peaxes do tutor”.

6. A sra. García Souto pregunta polo pago de 18.000,00 € en concepto de sanción polo canon da auga, e pregunta qué cantos pagos van a ser , si 4.

Resposta o sr. alcalde que iso ven derivado das políticas de Feijóo

A sra Garcia Souto sinala que resulta moi curioso que cando se fala de obras que se van a facer no Concello non se di que as fai a Xunta e cando se vai a pagar unha sanción por non xestionar ben o servizo de auga do Concello é culpa da Xunta, e que o que se está falando aquí é da xestión do alcalde, non e´culpa de Feijóo senón porque se leva varios anos sen recaudar o padrón da auga. Engande que xa no outro pleno lle preguntou se iba a haber máis sancións e que o alcalde lle contestou que non era futurólogo.Sinala que había xa en xaneiro unha sanción imposta por importe de 70.000,00 € e que é unha tomadura de pelo e moi triste a forma de contestar do alcalde .

O sr. alcalde que se estivo valorando se metelo como un tema xurídico.

7. A sra. García Souto afirma que antes de que levante a sesión quere facer constar que se siguen arrastrando algunhas preguntas formuladas no pleno de novembro de 2021 e que reiterou no último pleno e que quere que consten en acta porque están sen contestar, e que se reproducen a continuación:

“A sra. García expón que se hai unha obra que se demostra que non ten licenza concedida, non se supón que o concello debería de actuar? Hai un novo vaso en as Pías e á pregunta formulada sobre si se concedeu licenza respondiches que non .

Afirma que quere que conste en acta que está en execución e non ten licenza e esixe que lle conteste o alcalde por escrito.

Na pregunta 25 se contesta que hai un informe contrastado, e quere saber cal foi o procedemento de contratación de esa empresa e que se está a contratar concretamente, en que consiste e cales son os expedientes porque lle gustaría velos así como saber si necesitarían licenza os pozos e porque non a teñen”.

Engade que o alcalde antes de levantar a sesión debe de preguntar primeiro se non se queren facer máis intervencións e o que non pode ser é que se levante a sesión cando ela está falando.

Resposta o sr. alcalde que él levanta a sesión cando lle da a gaña.

A sra. García Souto sinala que ela ven a facer o seu traballo e que o mínimo é escoitar o que se está dicindo e que quede recollido na acta.

Resposta o sr. alcalde que na maioría dos Concellos se ten un tempo para cada intervención, se da a réplica e se pasa ó seguinte punto da orde do día e que a ela non se lle puxo tempo nas preguntas, que o respecto para telo hai que gañalo.

A sra. García Souto lle resposta que él di que na maioría dos concellos hai réplica pero o que non di é que na maioría non se interrompe, cando ela acaba de falar fala o alcalde para ter un diálogo normal, que él non pode interromper cando lle conveña.

8. A sra. García Souto menciona a concesión da licenza á Vía Sacra despois de 4 anos e comeza lendo os antecedentes que figuran na resolución da alcaldía.

O alcalde afirma que se iso é unha pregunta ben pero que non é o momento de leer párrafos, que se quere facer unha pregunta concreta.

A sra. García Souto resposta que si quere facer unha pregunta e é en relación co decreto de 5 de maio de 2022 pola que se concede licenza de primeira ocupación a Vía Sacra co informe favorable, é un expediente que ten moitos requerimentos de aportación de documentación e recorda que o Concelleiro Jose Antonio dixo nun pleno que non se daban licenzas porque a xente non presentaba ben a documentación. A continuación menciona varias datas nas que se requeriu documentación neste expediente e que se deron mi voltas para dar esta licenza.

Pregunta ademáis porqué se contratou un técnico externo para informar esta licenza

Resposta o sr. alcalde que se contratou un técnico externo polo motivo da mala relación do titular da licenza coa técnica municipal e este técnico tamén lle requeriu documentación.

A sra García Souto di se non se contratou para que lle puxera aínda máis pegas ao expediente, engade que hai que ler a normativa e non pedir cousas innecesarias e que a unha persoa que quere investir no Concello non se lle debería de por tantas trabas.

O sr. alcalde lle resposta que está moi equivocada e que prefire non contestar porque é como predicar no deserto.

A sra. García Souto di que non ve ningún deserto, que está chovendo. Tes que pagar favores. Engade que para algunhas licenzas non se acuden a técnicos e para outras si, por exemplo a de Jose Antonio Veiga.

Resposta o sr. alcalde que ese asunto o levou o Xulgado de Betanzos e quedou sobreseído.

A sra. García Souto pregunta se o Xulgado de Betanzos entrou no fondo do asunto e quen enviou a información. Di que "Blanco e en botella".

Resposta o sr. alcalde que quen enviou a información cree que foi a anterior secretaria, Elena Gonzalez.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:08 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

FIRMADO POR Alejandra Dolores Fandiño Sánchez (FECHA: 13/07/2022 08:45:00) , Luis Lisardo Santos Ares (FECHA: 13/07/2022 13:58:00)

Versión imprimible

CVD: B61Iqldfmp6deHoVNWmk
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.